

TEMA 3. A PROSA NO PRIMEIRO TERZO DO S. XX:  
AS IRMANDADES E O GRUPO NÓS  
NARRATIVA, ENSAIO E XORNALISMO



- primeiro terzo do século XX → consolidación da prosa galega
  - narrativa (contos e novelas) → non desenvolto no século anterior
  - o ensaio en galego → nace nesta época.

## 1. A NARRATIVA

- intenso labor cultural das Irmandades da Fala (Grupo Nós)
  - medios para desenvolver a narrativa, o ensaio e o teatro
    - editoriais Lar, Céltiga e Nós e publicacións periódicas)
- promocións da narrativa de preguerra

## I. continuadores da prosa do século XIX

- tema ruralista e costumista
  - Francisca Herrera Garrido (primeira muller membro da RAG)
    - *Néveda* (1920), idealización do mundo rural e a condición da muller.
  - Manuel García Barros, Florencio Vaamande Lores. Gonzalo López Abente

## II. narradores das Irmandades: (á parte do Grupo Nós)

- Xosé Lesta Meis, Carré Alvarellos, Xaime Quintanilla (*Saudade*), Cotarelo Valledor (*Contos de Nadal*)

## III. O Grupo NÓS.

- revista **Nós** (1920-36) → dá nome ao grupo
  - redacción → todos os membros da xeración + escritores máis vellos, novos e de fóra
  - **144 números** ([consulta números dixitalizados](#))
  - **traballos de grande altura intelectual, literarios e doutras temáticas culturais**
  - obxectivo → asentar a cultura galega
    - desde as nosas raíces e peculiaridades como pobo
    - modernizándoa en contacto coa europea
    - espallándoa sen dependencias nin intermediarios
- **Cenáculo Ourensán:** Vicente Risco, Otero Pedrayo e López Cuevillas
  - (+ Castela)

- **sólida formación** das correntes artísticas, culturais e intelectuais da Europa
- **intensísima actividade multidisciplinar** (literaria, científica e política),
  - máximos dirixentes do movemento galeguista
  - sentan as bases da cultura e do pensamento galego modernos.
- **política** → ingresan nas Irmandades (arredor de 1918)
  - publican n' *A Nosa Terra*
  - principais dirixentes do **nacionalismo**
  - Risco → máximo dirixente das Irmandades durante os anos 20
  - principais impulsores do **Partido Galeguista**
    - elaboración e aprobación do Estatuto de Autonomía do 36
    - Otero Pedrayo e Castelao serán deputados galeguistas en Madrid
- **lingua** → practicar a **normalización**
  - estenden o uso do idioma a **todos os ámbitos**
    - actividade política, nas reunións, na correspondencia, nos anuncios comerciais...

- **madurez dos xéneros literarios** menos desenvolvidos
- **empresas editoriais:** Céltiga , Lar e Nós
- desenvolvemento **ensaio galego**
  - **xunto** cos seus discípulos da xeración seguinte
  - **Seminario de Estudos Galegos (SEG,1923-36)**
    - **estudo científico de Galicia en todos os aspectos** (especialmente ciencias sociais)
    - dirixiron seccións: Risco etnografía, Cuevillas historia, Pedrayo xeografía, Castelao arte
    - **uplir o nulo labor da Universidade** → de costas ao país
    - **galego** → **lingua para a expresión científica**
- **evolución ideolóxica** de mozos intelectuais e moi cultos, castelán falantes, **desapegados** de Galicia, dos seus problemas e da súa cultura a afervoados nacionalistas e ao **compromiso integral** con súa Galicia.
  - **individualistas** e rebeldes
  - desprezaban a política e a cultura e sociedade galegas
  - interesados polas correntes culturais europeas (simbolismo, decadentismo, modernismo...)

- fascinados polo exotismo e polos temas esotéricos
- **dandis** → rexeitaban interesarse polos problemas do común
- **arte como evasión**
  - reservada para unha elite (os homes de “espírito”)
  - radicalmente individualistas (“ser diferente é ser existente”)
- cambio radical: ingreso nas Irmandades
  - abandono principios cosmopolitas e o gusto polos mundos raros
  - **procura sincera dunhas raíces e dunha identidade persoal e colectiva**
  - Cuevillas → artigo “*Dos nosos tempos*”
  - Otero Pedrayo → novela *Arredor de si*
  - Risco no longo artigo ensaístico *Nós, os inadaptados*, do que recollemos unha mostra:



## **Vicente Risco (Ourense, 1884-1963)**

*Os inadaptados son por definición os insatisfeitos do mundo sensible, os inimigos da realidade cotiá, os que procuran fuxir do medio que os rodea. De aquí a conciencia da arte como evasión. Non fuxiamos do medio natural senón do social. Non nos movía ningún interese social, non arelabamos ningunha reforma, non opuñamos á sociedade actual ningunha sociedade futura. A nosa rebeldía consistía en segregármonos espiritualmente da sociedade, despegármonos das súas tendencias e dos seus problemas, illármonos na nosa indiferenza.*



- Ampla formación intelectual
  - coñecedor dos movementos filosóficos e literarios da Europa do seu tempo (vanguardas).

## 1. Traxectoria intelectual

### I. Etapa **non galeguista**

- revista *La centuria* (1917)
- interese no exotismo da filosofía e das relixións orientais
- literatura **evasionista** e individualista

### II. Etapa **nacionalista**

- ingreso nas Irmandades (dirixiraas) ata a Guerra Civil
- **senta as bases teóricas do nacionalismo**
- funda a revista Nós
- cofundador do Partido Galeguista ata se escindir na Dereita Galeguist
- elabora case toda a súa produción en galego.

### III. Etapa **posgaleguista**

- posguerra → abandona o ideario galeguista



- retorno **individualista e introvertido**
- algúns estudos acerca da tradición en galego pero volve escribir **en castelán**.



## 2. narrativa

- estreita relación co labor de etnógrafo
- concepción dun nacionalismo tradicionalista
  - enraizamento na tradición oral galega

### I. Etapa do exotismo de corte modernista

- ***Do caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros*** (1919)
  - exemplifica a súa primeira etapa intelectual: exótico e esotérico (mundo de ultratumba)
  - ton humorístico e de estética modernista
  - ausencia de elementos galegos
  - rompe coa tradición enxebre e folclórica dos nosos contos
  - doutor Alveiros en contacto co mundo dos mortos → logra liberar a momia do faraón Tutankhamon\*

\* a tumba foi atopada no 1922

## II. Etapa galeguista e de base etnográfica

- conxunto de relatos → lendas e mitos tradicionais

*A velliña vella* → tradición como elemento esencial da identidade galega

*O lobo da xente* → mito do lobishome (transposición á literatura culta)

### *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*

- propósito doutrinario claro en clave galeguista
- recuperación da identidade galega
- rexeitando a civilización allea de base mediterránea
  - mouros (representantes do poder da ciencia e da técnica)
  - avós da raza (os druídas celtas que conservan a nosa tradición milenaria)

### *A Coutada* → diálogo filosófico,

- defende a aldea tradicional → gardadora das esencias e tradicións galegas
- mundo urbano → dominado polas apariencias e o diñeiro, foco da desgaleguización
- protagonista, inadaptado á sociedade urban
  - convencer a muller para regresaren á Coutada → simboliza a fidelidade ás orixes.



## A trabe d'ouro e a trabe d'alquitrán

**E**STABAMOS unha noite no muiño do tío Xan da Barca, o Señor Cibrao de Pena-petada, o Goriño e mais o Bastián de Paradela, a Rosa, o Señor Rafael o castelán, e mais eu, cando lle perguntou o Bastián de Paradela:

- Ay, Señor Cibrao ;Vostede que ten ido tanto ao Couto de Lourido, él é certo que hai alí unha mouro encantada, e que ten un tesouro. e que sai peiteando os cabelos c'un peite d'ouro, e que dín que lle ha dal-o tesouro todo ao que lle recolla o peite do chao cando lle caía das maus?

-É certo - respondeu o Señor Cibrao- ; é tan certo.

- E Vostede viuna?

- Vin, unha mañá cedo, ao rompel-o día. Baixaba eu da serra, e vira; estaba de min coma d'eiquí ao canasto da aira; mais eu fuxín aprésa, e tan xiquera quixen dar volta á cabeza... Esas cousas que non son de cristianos...

E o señor Cibrao acenou coa testa que non.

- Pois eu s'a vira - dixo o Bastián - eu había ir ond'á ela, e cando lle caíra o peite das maus, habíallo recoller sen medo ningún, pra que me dira o tesouro.

- Antes cegues que tal fixeras!

## IV. Etapa da sátira e do escepticismo

- evolución cara a unha radical sátira da sociedade


### *Os europeos en Abrantes* (1927) (novela inacabada)

- moi polémica e de forte contido social
- burla aos hábitos da pequena burguesía urbana alienados polo culto ao progreso

### ☆ *O porco de pé* (1928)

- primeira novela moderna das nosas letras, novidosa e innovadora
  - brillantez da sátira → parodia
  - enorme riqueza e variedade de recursos lingüístico
- escarnio, cheo de humor, da sociedade urbana ourensá
- radiografía do caciquismo a comezos do século XX
  - ignorancia e materialismo
  - don Celidonio, comerciante de orixe castelá que chega a alcalde dunha cidade galega
    - representante da “materia” e da vulgaridade
  - doutor Alveiros, representante do “espírito”
    - seducido polos encantos da vida burguesa, tamén acaba atrapado pola vulgaridade

*Socialmente, a poboación divídese en tres clases: a alta é o médico; a media o xefe de estación e o cabo da Garda Civil e a baixa todos os demais. Esta división tripartita fúndase na consideración social, mais pódese facer outra entre o elemento militar e o civil, outra entre a clase industrial e a clase agraria, etc., porque Abrantes é un mundo en pequeno. En Abrantes non hai costumes... Os homes xúntanse na tenda, onde venden viño e gaseosas. O viño, cando hai colleita no país, é agre; cando non a hai, é composto. As gaseosas teñen a temperatura do tempo: quentes no verán e frías no inverno. As mulleres xúntanse nas portas. Os nenos e os cans xúntanse en todas partes.*





# O PORCO DE PÉ

por VICENTE RISCO.



*A continuación publicamos uns anacos da derradeira novela de Risco, para que os nosos lectores, que a non conozan, se decatén do seu grande mérito, que xustifica o cisito de venda que acadou esta obra que debe lér todo bó galego:*

Na post-guerra, Don Celidonio ascendeu de porco á marrán e chegou a Alcalde. A parenta inflou com'o fol da gaita.

Agora é presidente da Xuntanza Cibdadana e d'outras Sociedades. A parenta botou abrigo de chinchilla e petit-gris. Fixeron casa nova e teñen outro automóvile. Anda podían teren mais.

Vouvos referir a vida de Don Celidonio e do seu sogro e principal Baldomero García, aquíl que lle berraba ós seus mancebos: «Cando na miña casa entra unha peseta, pra que volva saír, compre facer un espediente!!!»

D'iste xeito veredel-o que vai de tempos a tempos.

Don Celidonio é gordo e artriteco. O carrolo saílle pra fora; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da coor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco pra baixo.

O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no vran súdao en regueiros aceitosos y-en pingotas bastas, com'as que deitan os chourizos cand'están no fumeiro.

# Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976)

- familia fidalga de ideoloxía liberal
- mocidade en Trasalba con Risco
- Filosofía e Dereito en Santiago e Madrid
  - inmensa formación autodidacta
- 1918 ingreso Irmandades da Fala e inicio militancia no galeguismo
- 1931 intégrase no Partido Galeguista (elixido deputado por Ourense)
- Guerra Civil: sofre a represión pola súa militancia galeguista
- 1950, participación na fundación da Editorial Galaxia
  - reanuda a súa actividade literaria en lingua galega.
- ditadura: referente do nacionalismo e modelo para as novas xeracións de posguerra.



- pensamento oteriano
  - **catolicismo** → elemento básico da identidade de Galicia como país europeo
  - **tradición** → progreso en harmonía coa tradición
    - nas súas obras → recreación da organización tradicional da sociedade agraria
  - **nacionalismo** → unidade de cultura con vocación universalista
  - **democracia** → réxime constitucional baseado no sufraxio universal

## 2. Producción literaria: narrativa

autor moi fecundo e prolífico

- amplísima obra → todos os xéneros literarios, o ensaio e a prosa científica
- **inmensa cultura humanística** (europeo, sobre todo francés)
  - constantes referencias culturais
  - esixe receptor culto



- **xéneros literarios** combinados → enorme erudición e intención didáctica

## 2.1 Temática

**tema central** → Galicia en diferentes etapas

- medieval (A Romaría de Xelmírez)
- transformacións sociais no paso do século XIX ao XX
  - ocaso da fidalguía e ascenso da burguesía
- nacemento do galeguismo.

**temas recorrentes**

- **defensa da tradición, da cultura e da lingua**
  - sabedoría acumulada → cultura espiritual do pobo
  - xenreira contra os comerciantes foráneos → ideas materialistas, destruindo a tradición
- **decadencia da fidalguía galega fronte á aparición da burguesía urbana**
  - fidalguía → vivir tradicional acompañado aos ciclos naturais
    - deserción da aldea e do seu papel dirixente
    - fidalguía na súa obra → rexeneración de Galicia.

- **paisaxe** → conxunción dos tres elementos fundamentais
  - o cósmico, o biolóxico e o humano
  - paisaxe chea de vida
  - home cunha psicoloxía conformada pola propia natureza (a miúdo un personaxe máis)


## 2.2. Personaxes

- **arquetipos**
  - **sociais** (o fidalgo, o crego, o paisano...)
  - **culturais** (Adrián Solovio, protagonista de *Arredor de si*),
  - símbolos de clases ou sectores da sociedade galega
  - moitos **base biográfica** (a avoa, o pai, compañeiros de xeración, el mesmo).

## 2.3. Estilo

- **enorme dominio da lingua**
- combinación de dous estilos

- lírico
  - períodos longos de prosa exuberante
  - ritmo denso e calmo (evocacións paisaxísticas)
- épico
  - narración áxil con frases curtas
  - sintaxe sinxela e elisión de verbos, nexos...



## 2.4. Novelas

gran cadro da Galicia dos séculos XIX e primeiro terzo do século XX

- ***Os camiños da vida* (1928)**
  - triloxía → fábula familiar nas terras de Trasalba a mediados do séc XIX
  - **denuncia dexeneración da fidalguía** e perda da influencia dos mosteiros (desamortización)
  - burguesía foránea materialista e inculta
    - ocupar o lugar dirixente
    - esfarela o sistema tradicional da sociedade galega
    - remate → esperanza personificada nun descendente da fidalguía culto e galeguista.

- ***Arredor de si* (1930)**

- ambientada a principios do século XX
- **retrato** (-autobiográfico) da súa xeración (a **conversión** ao **galeguismo** do grupo Nós)
- protagonista → o intelectual Adrián Solovio.

- ***Devalar* (1935)**

- peche da progresión histórica das dúas novelas anteriores
  - ciclo de **formación** da **conciencia galeguista**
- representación da Galicia do tempo do SEG
  - recuperación da historia e da personalidade de Galicia
  - ambiente de esperanza e plenitude

## Outras novelas de Pedrayo

- ***Fra Vernerio* (1934)**

- novela ambientada en Alemaña que
- tema → evolución ideolóxica




- ***A Romaría de Xelmírez*** (1934)
  - Galicia medieval (románico, Compostela)
  - Xelmírez → encarna a Galicia europea
- ***O mesón dos ermos*** (1936)
  - novela curta realista
  - recrea a paisaxe e os costumes aldeáns
  - mundo de enfrontamentos, penuria e violencia
- ***O señorito da Reboraina***
  - parodia do tema fidalgo novelando a biografía dun fidalgo ourensán

## 2.5. A Narrativa breve.

- **modernización do relato breve galego**
- dúas coleccións
  - *Contos do camiño e da rúa* (1932)
  - *Entre a vendima e a castañeira*, publicado xa na posguerra.

- ***Pantelas, home libre*** (1925)
  - formula a figura do fidalgo
  - paisaxe → rango de protagonista
- ***O purgatorio de don Ramiro***
  - temática de ultratumba cun fidalgo como protagonista
- ***Escrito na néboa*** (1927) → xermolo de ***Arredor de si***



# Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886 – Bos Aires, 1950)

## biografía

- familia mariñeira e pai emigrado na Pampa arxentina (visitarão de neno)
- Estuda Bacharelato e Medicina en Santiago.
- desde novo, grande habilidade como debuxante e caricaturista.



## evolución ideolóxica e intelectual

- membro sindicato Acción Gallega (agrarista e anticaciquil)
- ingreso nas Irmandades da Fala: militancia no galeguismo
- 1920 dirección artística revista *Nós*
- 1923 membro SEG
- en paralelo: conferenciante, debuxante, caricaturista, narrador e colaborador na prensa.
- 1926: membro da RAG

- **estreito compromiso coas clases populares**

- nacionalismo está máis orientado á esquerda
- ideario (*Sempre en Galiza*) → dous obxectivos
  - consecución do máximo autogoberno posible para Galicia
  - procura do progreso económico, social e cultural das clases populares
    - singularmente labregos e mariñeiros, a inmensa maioría daquela

- **principais compoñentes da súa ideoloxía**

- **nacionalismo** → concepción máis democrática; propugna un federalismo iberista
- **democracia**,
- **popularismo** → pobo traballador como protagonista) e o
- **reformismo** → cooperativismo como fórmula para o desenvolvemento dun país rural



# CASTELAO político

- participa na creación do Partido Galeguista
- elixido deputado en 1931 e 1936.
- Promotor do Estatuto de
- Autonomía para Galicia
  - aprobado en plebiscito en 1936.
- remate da Guerra Civil: exílio NY e Bos Aires:  
defensa republica
- Crea en Bos Aires o Consello de Galiza  
(gobierno galego no exilio)
  - presidente ata a súa morte en 1950.

[Alba de gloria](#) (1948)



## 2. Características do Castelao artista

### 2.1. Concepción da arte

- **función social da arte**
  - tema → problemas do pobo: inxustizas, pobreza, emigración, incultura...
  - protagonistas → os que os padecen: labregos, mariñeiros, nenos, vellos, cegos...
- **procura dunha arte galega**
  - nacional → peculiaridades distintivas da cultura galega popular
  - dignificar o mundo rural e espertar o amor polo país.

### 2.2. Estética


- **humorismo**: ironía → arma para combater a inxustiza e defender Galicia
  - técnica do contraste.
- O **lirismo** ou intimismo: fonda calidade humana
  - perspectiva íntima e afectiva; sen sentimentalismo fácil (retranca)

## 2.3. Estilo

- **modernismo** nas súas primeiras obras literarias e caricaturas.
- **expresionismo** → maior expresividade
  - álbums de debuxos máis duros (os da Guerra)
  - escenas máis simbólicas da súa obra teatral

## 3. Características da narrativa de Castelao

- **mestura** de plástica (caricatura e humor gráfico) e literatura
  - debuxos levan un texto ao pé
  - obra literaria acompañada de ilustracións da súa autoría
- **Cousas** → exemplo máis paradigmático
  - a peza é un conxunto: cada conto ou prosa breve vai acompañado dun debuxo
- **temas** → **personaxes e vida do pobo**



- **visión digna e solidaria** do paisano galego
  - afástase do ruralismo anterior (choqueiradas)
- **morte**, tratada de forma orixinal e con humor.
- **estilo accesible** e gran calidade estética
  - vocabulario popular, precisión léxica e sintaxe sinxela.
  - gran capacidade de **síntese e brevidade**
    - trazos selectivos esenciais de personaxes e historias
    - sen anécdotas e retórica.



#### 4. Novela.

*Os dous de sempre* (1934) → única novela de Castelao

- biografía en paralelo de dous personaxes con camiños antitéticos
- breves capítulos alternos con estampas ou escenas significativas
- fórmula de “cousas”: cada capítulo, unha ilustración do autor.

- Pedriño, un home sen vontade nin ambición
  - malcriado de neno
  - progresa grazas á axuda da sogra
- Rañolas, un eivado nun medio familiar pobre e sen cariño
  - vontade e carácter para vencer as circunstancias adversas
  - progresa por si, pero non logra acadar as súas arelas e suicídase

## 5. Narrativa breve

*Un ollo de vidro.* *Memorias dun esquelete* (1922)

- **denuncia** a realidade social do momento a través do **humor**
  - **absurdos da vida e as inxustizas**
  - prólogo → obtención das memorias a través dun enterrador
  - secuencias que nos refiren sucesos da vida pasada e do cemiterio do morto
  - denuncias de actitudes e situacións sociais.

O narrador das memorias tivera en vida un ollo de vidro, o cal lle permite ver na súa existencia de ultratumba. Así, vainos presentando pequenos cadros con personaxes que levan consigo á cova a súa ideoloxía, a súa forma de vivir, etc. Encontramos entre estes personaxes unha ridícula namorada que morreu de amor, un zapateiro que morreu de saudade por non poder cantar nun orfeón, uns políticos centralistas que se negan a falar en galego, un fracasado na emigración, un inglés que pensa que todo se arranxa con diñeiro... e, como remate, un vampiro que todas as noites se levantaba para chupar sangue aos vivos e que “*Era..., jera un cacique!*”

CASGELAO  
UR·OLLO  
DE·VIDI·O




**Cousas** (1934, aínda que as viñera publicando na prensa desde 1926)

- A “cousa” → **fórmula literaria máis orixinal e característica**
- combinación de texto **escrito e ilustración formando un todo**
- variadas historias ou acontecementos da vida popular
  - pequenos contos
  - textos de carácter lírico (poemas en prosa) “A marquesiña”

**Retrincos** (1934): cinco relatos

- **evoca vivencias da súa infancia e mocidade**
- reflexiona sobre aspectos da vida human
- perspectiva solidaria cos máis desfavorecidos
  - “Peito de lobo”, retrato dun mariñeiro veciño, recrea os seus tempos de estudante
  - “O retrato” reflexiona sobre o realismo e o idealismo na arte.
  - “Sabela”, retrato melancólico dunha moza e dos estragos que o traballo fai na súa persoa



O propio Vicente Risco, ao se publicar a obra, escribiu: *Mesmamente, cómpre telo por criador dun xénero literario: os contiños curtos, verdadeiras novelas nunha páxina, dun humorismo tan fondo, dunha intensidade tráxica tan punxente, dunha poesía tan extraordinaria, que para atoparmos algo que se lle asemelle, temos que ir á literatura rusa (Gorki, Andreieff) ou á literatura irlandesa (Synge, Lord Dunsany).*

Destaca aquí Risco unha característica fundamental desta obra e do estilo do autor: **a síntese**. Igual que nos seus debuxos, nos que Castelao busca con trazo firme mais simple resaltar os trazos fundamentais, en Cousas tamén encontramos textos moi pulidos, concentrados, nos que se seleccionan só os elementos esenciais.





# OBRA GRÁFICA

- pintor, debuxante e caricaturista; principal figura da arte galega do seu tempo.
- [Nós](#) (1916); *Cincuenta homes por dez reás* (1931); *Cousas da vida* (1924/25)
  - personaxes populares (labregos e mariñeiros)
  - humor + visión crítica Galicia do seu tempo



- *Eu non quería morrer alá. ¿Sabe, miña nai?*

# álbumes de guerra

- *Galicia mártir* (1937)
- *Atila en Galicia* (1937)
- *Milicianos* (1938)
- dramáticas estampas da cruel represión fascista en Galicia.

[enlace a texto](#)



## IV. A NARRATIVA DOS NOVECENTISTAS OU XERACIÓN DO 25


- Discípulos das Irmandades e do grupo Nós
- fundamentalmente poetas
- algúns importantísimos narradores na posguerra (Cunqueiro, Blanco Amor)
- Amado Carballo → dúas narracións curtas mestura de realismo e idealismo
  - *Maliaxe e Os pobres de Deus*
- Filgueira Valverde
  - membro do SEG
  - importante ensaísta
  - narracións breves *Os nenos e O vigairo*

Pero, sobre todos, salienta **RAFAEL DIESTE** (Rianxo, 1899), home polifacético (matemático, pintor, filósofo, lingüista e escritor; a súa actividade antifascista

## RAFAEL DIESTE (Rianxo, 1899)

- polifacético → matemático, pintor, filósofo, lingüista e escritor;
- actividade antifascista → exilio
- *Dos arquivos do trasno*, colección de relatos
  - introdución → **moderna concepción do conto**, rexido por dous principios
    - unidade emotiva → intensificando a presenza do que vai acontecer
    - remate esencial
  - temática
    - **psicloxía** dos personaxes
      - ambiente mariñeiro
      - maneira de ser dos galegos
    - **experiencias extraordinarias**
      - elementos máxicos e misteriosos (ilusións, soños, etc.)
      - o racional; acaba dominando.

- boa execución técnica
- ritmo → parte dunha obsesión inicial → progresiva suspense → finaliza aberto e sorprendente
- precisión lingüística
- mestura de técnicas tiradas do relato culto e do conto oral popular



[“Sobre a morte de Bieito”](#)

## 2. O ENSAIO

- consolidación no primeiro terzo do século XX
  - Irmandades → creación de medios de difusión, A Nosa Terra, as editoriais...)
  - intelectuais do grupo Nós (coa creación da revista Nós e a súa obra ensaística)
  - Seminario de Estudos Galegos.
- **afán didáctico** → espallar o ideario galeguista
- **predominio de contidos culturais e políticos**
- compoñentes de Nós → ensaístas máis salientables

### \* Vicente Risco

- ampla obra etnográfica e antropolóxica
  - publicada en *Nós* e *A Nosa Terra*
- ***Teoría do nacionalismo galego*** (1920)
  - fundamental do nacionalismo galego
  - guieiro das Irmandades

- esencia de Galicia: lingua, terra e raza
- **galeguismo** de tipo **culturalista** e **tradicionalista**
  - opoñendo o espiritualismo céltico e atlántico ao racionalismo da civilización mediterránea
- cultura galega → froito do sentimento da Terra
- saudade → distintivo psicolóxico dos galegos
- **lingua** → **esencia da nosa cultura**
  - modela o pensamento e a maneira de ser dos galegos
  - de perdérmola, perdémonos como galegos.
- ***Mitteleuropa*, 1934**
  - especie de diario → estadí en Alemaña en 1930
  - critica humoristicamente a vida moderna
  - ideario antimarxista e **defensa** do **tradicionalismo relixioso**.
- ***Leria*, 1962**. Libro misceláneo
  - artigos e outros escritos de distintas épocas
  - destaca “**Nós, os inadaptados**” → conversión ao galeguismo

*O problema é como sendo como eramos e como somos, individualistas, inadaptados, antisociais, antigregarios, introvertidos, puidemos vir parar nunha cousa que semella tan cotiá e gregaria, como é a nosa entrega a Galicia, que na esencia é a afirmación teimosa e forte da grei galega.*

*A resposta está dada, moito mellor do que eu o puidese facer, por Ramón Otero Pedrayo na súa novela *Arredor de si*.*

*Arredor de si, máis ca unha novela, é a autobiografía, non só dun home, senón dun agrupamento, case dunha xeración. É a autobiografía do cenáculo do autor, ao que eu pertencía tamén. Polo mesmo individualismo, polo seu por min confesado egocentrismo, o noso agrupamento andou todo o tempo dando voltas arredor de si mesmo, sen atoparse endexamais de todo.*

*Xa dixen como peregrinamos polas cosmogonías, polas metafísicas e polas estéticas. Pois ben, coma aquel inglés de Chesterton que, despois de moitas*



*viaxes polo mundo, atopou unha terra descoñecida que resultou ser a fin de contas a Gran Bretaña, igual nos pasou a nós. Despois de tantas voltas e revoltas, despois de tantas viravoltas e trasvoltas polas lonxanías do espazo e do tempo, en procura de algo inédito que nos salvara do habitual e vulgar, viñemos dar na sorprendente descuberta de que Galicia, a nosa Terra, oculta ao noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filistea, ofrecíanos un mundo tan estenso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, como os que andabamos a procurar por aí adiante.*

*Para salvármonos do vulgar, para evadírmonos do filisteísmo, para redimírmonos do habitual, non cumpría ollar ao lonxe: chegaba con ollar ben preto, arredor de nós, en nós mesmos, adentro de nós mesmos.*

## \* Otero Pedrayo

- ensaísta máis importante da época
  - calidade, cantidade e pvariedade de temas que abrangue con Galicia como protagonista.
- Historia: ***Ensaio histórico sobre a cultura galega***
  - interpretación de Galicia: un país atlántico e occidental
  - catro grandes momentos: o celta como base, o románico, o barroco e o romántico coa aparición do galeguismo
  - **país europeo de raíz céltica e atlántica**
  - carácter diferente do estándar español, marcado pola impronta árabe.
- Xeografía: ***Síntese xeográfica de Galicia*** ou ***Os ríos galegos***
  - catedrático desta materia
  - modernizou estes estudos en Galicia
- Paisaxe: Ensaio sobre da paisaxe galega
- **Guías histórico-culturais**, como a *Guía de Galicia*, numerosos libros de viaxes –Polos vieiros da saudade–, biografías –O libro dos amigos– e

- **Guías histórico-culturais**, *Guía de Galicia*
  - numerosos libros de viaxes –Polos vieiros da saudade
  - biografías –O libro dos amigos
  - abundantísimos escritos de crítica literaria e artística

## \* Castelao

- ***Sempre en Galiza* (1944)**, no exilio bonaerense
- inicio escritura a mediados da República no exilio de Badaxoz
- **compendio doutrinario máis importante sobre o nacionalismo galego**
  - variada temática
  - afirmación de Galicia como nación
  - condena do estado centralista ou a orixe e situación do idioma galego
  - prólogo –Adro- e catro partes ou libros.
- *As cruces de pedra na Bretaña e As cruces de pedra na Galiza*

## \* Florentino López Cuevillas,

- traballos de investigación, sobre todo sobre a **prehistoria** de Galicia
- “*Dos nosos tempos*” artigo evolución intelectual cara ao galeguismo

### 3. O XORNALISMO

- **renovación** → aparición da prensa ilustrada e revistas gráficas
- medre da prensa local e comarcal
- aparición de publicacións de carácter cultural e literario
- factores que fan posible esta melloría
  - medre urbano e industrial
  - dinamización política
  - innovacións técnicas no mundo da impresión ao principio mencionadas.
- movemento galeguista → **importancia** da **prensa** para **espallar ideario**
  - publicacións de carácter cultural, literario ou político

- **A Nosa Terra** (1916–36)
  - **monolingüe** en galego
  - **voceiro** do **galeguismo**, Irmandades e Partido Galeguista
  - **contido** fundamental era **político**
    - **páxinas literarias**: poemas, contos, ensaios, crítica literaria.
- **Arquivos**
  - publicacións do Seminario de Estudos Galegos
  - fundamentais no **nacemento** do **ensaio galego**
  - aparición da **lingua galega** para a **expresión científica**
- **Nós** (1920–36) (*ver arriba*)
- Revistas culturais de **vanguardia**
  - *Alfar, Ronsel, Resol, Cristal, Yunque, Papel de Color*

[consulta números dixitalizados](#)

